

## BOLETÍN 1

### X CAMPIONATO PROVINCIAL DE ORIENTACIÓN PEDESTRE

#### **O BARCO DE VALDEORRAS 2018**

**ORGANIZACIÓN:** Sección de Orientación do Club Peña Trevinca-Barco, Delegación Ourenzá da FEGADO (Federación Galega de Orientación) e Servizo Provincial de Deportes de Ourense (Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia).

**DATA:** *Venres 23 de marzo de 2018.*

**LUGAR:** Área recreativa do Salgueiral e Malecón (O Barco de Valdeorras). A Secretaría estará no Pavillón Municipal de Calabagueiros a 450m da zona de saída. Os buses deixarán ao alumnado diante da porta traseira do pavillón de Calabagueiros (haberá unha zona para que baixen os nenos) e, a continuación aparcarán nas proximidades do campo de fútbol, na avenida de Galicia.

A zona de concentración será nas pistas deportivas do malecón, preto das piscinas descubertas. A zona de saída e meta estará ao carón. O traxecto desde o pavillón á zona de concentración fázase a pé, seguindo o roteiro marcado por cintas e cruzando polos pasos de ceбра habilitados. Seguir en todo momento as indicacións do dispositivo de Protección Civil e da Policía Local.

#### **HORARIO:**


- 10:30: **APERTURA DA SECRETARÍA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CALABAGUEIROS (ENTREGA DE DORSAIS E PINZAS ELECTRÓNICAS).**
- 11:00: **BREVE EXPLICACIÓN DA CARREIRA.**
- 11:30: **SAÍDA DOS PRIMEIROS PARTICIPANTES.**
- 14:00: **ENTREGA DE MEDALLAS E CLAUSURA.**

**MODALIDADE:** Carreira *Sprint* en Parque (*Park-O*). Modalidade de orientación en liña con saída individual contrarreloxo, na que o participante terá que pasar por todos os controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica marcada no mapa.

**ATENCIÓN:** Haberá moitos controis próximos, polo que é moi importante comprobar o código (número) de baliza. O tempo estimado para o/a gañador/a en cada categoría estará entre os 12 e 15 minutos, segundo indicacións I.O.F. de xaneiro do 2018.

**TERREO:** Parque semiurbano cun desnivel suave, unha boa rede de camiños, bosqueciños e abundancia de terreo aberto, alternando con zonas axardinadas e de repoboación. Mapa homologado a escala 1:4000 (1 cm no papel equivale a 40m no térreo) con equidistancia de 5m, realizado por Javier Arufe Varela e Natalia Pedre en abril de 2012 e actualizado por Pablo Aller en febreiro de 2018.

### Exemplo da zona de saída e meta



### CATEGORÍAS E PERCORRIDOS

A continuación se expoñen as distancias e número de controis correspondentes as distintas categorías:

PERC.	CATEGORIAS	DISTANCIA	DESNIVEL	Nº CONTROIS
1	INFANTIL FEMININO (2004/05)	2,3 km	----	13
2	INFANTIL MASCULINO (2004/05)	2,6 km	----	914
3	CADETE FEMININO (2002/03)	2,8 km	----	16
4	CADETE MASCULINO (2002/03)	2,9 km	----	17

**SISTEMA DE CONTROL:** Por medio de Pinza Electrónica, picando directamente na estación electrónica que hai en cada baliza. En caso de fallo do Sistema Sportident haberá que picar coa pinza tradicional nas casiñas de reserva do mapa: R1, R2 e R3.

**INSCRICIÓN:** Para formalizar a inscrición definitiva nesta proba **a entidade terá que estar preinscrita na ACTIVIDADE DEPORTIVA de Orientación**, introducindo os datos de equipos e participantes, neste apartado do programa XOGADE: (<http://deporteescolargalego.com/>). Para máis información sobre este aspecto, dirixirse ao Servizo Provincial de Deportes (en horario de mañá) chamando ao teléfono 988 386 050 ou no correo: [deportes.ourense@xunta.es](mailto:deportes.ourense@xunta.es)

**A inscrición definitiva para o Campionato Provincial enviarase (na folla Excel que se adxunta) a estes dous correos electrónicos simultaneamente):**

[fegadourense@gmail.com](mailto:fegadourense@gmail.com)

[deportes.ourense@xunta.es](mailto:deportes.ourense@xunta.es)

**O prazo para formalizar a inscrición** rematará ás **14:00h do Martes 13 de marzo**. Admitírase un **máximo de 300 participantes** en total no campionato, que se repartirán dun xeito equitativo entre as entidades inscritas. En caso de haber vacantes, abrírase un segundo prazo de inscrición. O transporte e o pic-nic correrá por conta da Xunta, tendo que especificar no mail as necesidades de cada entidade ao respecto.

#### **SEGURIDADE E NORMAS DE COMPORTAMENTO:**

- O alumnado terá que amosar un comportamento cívico en todo momento e coidar as instalacións e demáis lugares onde se desenvolva a competición. O profesorado terá que supervisar ao alumnado ao seu cargo, colaborando coa organización.
- Os lugares de estancia e vestiarios terán que quedar limpos. O lixo botarase nos contedores habilitados ao efecto. Ollo aos restos de pegatinas dos dorsais e do pic-nic.
- Gardarase o debido silencio tanto na zona de prechamada, como na zona de saída, atendendo en todo momento ás indicacións dos organizadores, Protección Civil e Policía Local.
- Recomendase o uso de pantalón deportivo longo por que pode haber ortigas nalgunha zona. É recomendable que os participantes traigan unha muda completa para cambiarse ao remate.
- A proba celebrárase nunha zona peonil sen tráfico de vehículos a motor, pero ocasionalmente pode aparecer algun ciclista ou paseante. Pode haber algunha zona un pouco enlamada.
- Esta totalmente prohibido achegarse á beira do río. Non haberá ningunha baliza a menos de 3 metros do borde do cauce. **Coidado coas zonas con auga.** Poden ser perigosas.
- Os trazados dos percorridos están pensados para evitar zonas perigosas para os participantes. Durante a carreira os participantes deberán cruzar una pasarela sobre o río Sil, na cal deberán reducir a velocidade. En todo caso, convén que extremen a precaución ao cruzala.
- Haberá persoal de Protección Civil para atender primeiros auxilios .
- Lémbrese a todos os participantes que estan obrigados a cumprir as normas de circulación vial. Non se pode transitar pola estrada do malecón baixo pena de descalificación. Aparecerá marcada con cruces moradas sobreimpresas nos mapas.
- Coidado coas escaleiras e pequenos cortados que se poden atopar nalgunhas zonas do terreo.

## REGULAMENTO

- Os participantes entrarán na zona de concentración antes das 11:00 horas, onde estarán até a súa saída. Durante a competición os participantes en espera para competir, non poderán saír da zona de concentración delimitada por la organización. Ao remate do seu percorrido e paso por Meta, os participantes dirixiranse ao pavillón de Calabagueiros, puidendo facer uso dos vestiarios. Haberá vestiarios tamén vestiarios na zona de concentración do Malecón.
- Únicamente se permite o uso da búaola analóxica como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Non esta permitido o uso de dispositivos electrónicos. O mapa daráse a cada participante un minuto antes da súa saída.
- Non se permitirá a saída de corredores **sen o seu dorsal**.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. *Balizas de distintos percorridos moi próximas. Ollo ao código da baliza!*
- **É obrigatorio pasar pola meta, aínda que se produza o abandono, para que lle conste ao persoal da organización.**
- Non esta permitido falar nin seguir a outros/as participantes.
- Haberá xuíces velando polo cumprimento das normas.
- Hai que respectar ás normas básicas de circulación vial.
- Todo competidor debe prestarlle axuda a outro competidor, se o ve lesionado.
- Na chegada a Meta recolleraselle o mapa a cada participante, gardandoo nunha bolsa co nome do seu colexio. Esta poderá recollela o profesorado ao finalizar a proba.
- Os participantes deben respectar: a propiedade privada, o mobiliario urbano e non pasar por zonas prohibidas.
- Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da FEGADO, FEDO e IOF.

## ACCESO Á ZONA DE COMPETICIÓN

A seguinte imaxe amosa o acceso desde a N-120 pola ENTRADA CENTRO ao Barco:



**ATENCIÓN:** Na seguinte foto aparece a zona acondicionada para o aparcamento dos autocares sinalada en amarelo. A zona de saída e meta estarán nas pistas deportivas do Malecón.



Máis información actualizada en:

- <http://fegado.es/> <http://clubtrevincabarco.org/>

Pablo Aller Estévez

Delegado FEGADO-Ourense

Ourense, 22 de febreiro de 2018